

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS NO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), a XUNTA ELECTORAL deste centro dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DOS PAIS/NAIS**, segundo as normas vixentes:

1. Corresponde elixir no presente proceso electoral **TRES PAIS/NAIS**. Dado que neste momento non hai ANPA, a praza de representante da ANPA será cuberta por elección entre o censo de pais e nais.
2. Son electores os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións a dito Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que está exposto no taboleiro de anuncios.
4. As candidaturas poderanse presentar dende o **1 novembro de 2024 ata as 12:00 horas do día 8 do mesmo mes**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro.
5. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as o **día 11 de novembro de 2024 ás 10:25 h**. Dita mesa estará composta pola Directora do centro, que actuará como presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
6. Para a campaña electoral, as dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións non se poderá facer campaña electoral.
7. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.
8. As votacións celebraranse no IES Maximino Romero de Lema o día **18 de novembro de 2024, de 17:00 a 18:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público.
9. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos presentada, debendo acreditarse co DNI. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.
10. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Baio a, 30 de outubro 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL